

## **BASES CONVOCATORIA PROCESO SELECCIÓN POSTO TECNICO EN SISTEMAS DE INFORMACIÓN XEOGRÁFICA (Ref.: Tec-GIS)**

Bases para a contratación laboral por tempo indefinido da seguinte praza vacante:

**Posto:** Técnico en Sistemas de Información Xeográfica (Ref.: Tec-GIS)

**Prazas:** 1 (xornada completa).

**Lugar habitual de traballo:** Santiago de Compostela.

**Función principal:** determinar, implantar, promover e xestionar as aplicacións de XIS para prover de solucións aos usuarios, así como promover e xestionar Proxectos que incorporen tecnoloxías innovadoras ou existentes no CESGA relacionadas cos Sistemas de Información Xeográfica.

**Funcións específicas:**

- Elaboración e xestión de proxectos de I+D+i con necesidades XIS.
- Análise de solucións para usuarios. Plans de mantemento e actualización. Análise de estatísticas de uso. Determinación de equipamentos óptimos.
- Coordinación da actividade con sistemas-comunicacións e aplicacións e proxectos. Elaboración de plans de promoción en usuarios.
- Asesoramento a usuarios. Formación a usuarios. Xestión do presuposto do Departamento.
- Captura e automatización de datos: conversión da información a formato dixital.
- Tratamento da información: inclúe a transformación de coordenadas ou a conversión de información de diferentes escalas a unha determinada entre outros.
- Xestión da información: utilización de un sistema de xestión de bases de datos (DBMS) para axudar a almacenar, organizar e xestionar información.
- Consultas e Análise: resolución de consultas simples e consultas analíticas.
- Visualización e saída impresa: elaboración impresa ou visualización de mapas.
- Xeración de copias de seguridade.
- Determinación de incidencias, seguimentos e resolucións.
- Mantemento do rexistro de incidencias.
- Elaboración de estatísticas de uso.

## 1.- Requisitos mínimos xerais:

- Ter nacionalidade dun país membro da Unión Europea, ou nacional dalgún Estado, ao que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade o cónxuxe dos españois, dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, cando así o prevexa o correspondente tratado, e dos nacionais dalgún Estado ao que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito, así como os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade que vivan ás súas expensas.

Así mesmo, poderán participar os que, non estando incluídos nos parágrafos anteriores, se atopen en España en situación de legalidade, sendo titulares dun documento que os habilite a residir e a poder acceder sen limitacións ao mercado laboral. En consecuencia poderán participar os que se atopen en situación de residencia temporal, os que se atopen en situación de residencia permanente, os que se atopen en situación para residir e traballar, así como os refuxiados.

- Ser maior de 16 anos e non exceder da idade de xubilación forzosa.
- Capacidade: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- Habilitación: non estar separado do servizo de ningunha Administración pública en virtude de expediente disciplinario nin encontrarse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. Os aspirantes que non teñan a nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.

Estes requisitos deberán posuírse antes do remate do prazo de presentación de solicitudes e manterse ata o momento de toma de posesión da praza resultante deste proceso selectivo.

## 2.- Requisitos mínimos específicos para o posto:

### 2.A.- Titulación:

Licenciado ou Enxeñeiro Superior.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación na data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

## 2.B.- Experiencia:

Experiencia probada de a lo menos 3 anos no desenvolvemento de proxectos nos seguintes contornos informáticos e XIS:

- XIS corporativo
- XIS Desktop
- Análise espacial
- Análise 3D XIS
- Modelos raster
- Programación XIS
- Servidor de mapas internet
- Bases de datos relacionais
- Sistemas operativos arquitectura x86

## 2.C.- Idiomas:

- Dominio de galego e castelán.
- Inglés: lido, escrito e falado a nivel técnico.

## 2.D.- Disponibilidade para viaxes estatais e ao extranxeiro.

Estes requisitos deberán posuírse antes do remate do prazo de presentación de solicitudes e manterse ata o momento de toma de posesión da praza resultante deste proceso selectivo.

## 3.- Valoración do curriculum:

Valoración do currículum segundo aparece no Anexo II.

## 4.- Proba de coñecementos

As probas versarán sobre os seguintes contidos:

- Conceptos XIS. Qué é un XIS. Para qué serve un XIS. Tipos de XIS.
- Modelo de datos, tipos e representación de atributos xeográficos
- Proxeccións e sistemas de coordenadas
- Análise espacial. Distribución de datos
- Bases de datos
- Usos prácticos e aplicacións do XIS

A puntuación das probas publicárase no taboleiro de anuncios do Edificio CESGA e na súa páxina web unha vez rematada a corrección da totalidade dos exercicios. Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

Os exercicios realizaranse a porta pechada sen outra asistencia que a dos aspirantes, membros do tribunal e os colaboradores designados por éste.

A proba será escrita sobre os temas teórico prácticos mencionados neste apartado. A proba constará de seis temas ou exercicios prácticos que se valorarán de 0 a 15 puntos cada un deles. Para superar a proba deberá acadarse como mínimo 45 puntos.

Os aspirantes non poderán acceder ao recinto do exame provistos de teléfono móbil, axenda ou demais dispositivos de carácter electrónico.

5.- Documentación a presentar:

- Solicitude dirixida ao Director-Xerente da Fundación CESGA (ver Anexo).
- Currículum vitae, no que se fará constar a concurrencia dos requisitos esixidos e puntos valorados segundo as bases desta convocatoria.
- Fotocopia compulsada do D.N.I. ou pasaporte.

6.- Lugar e prazo de presentación de solicitudes:

No enderezo da FUNDACIÓN CESGA, Avda. de Vigo, s/n, Campus Universitario Sur, 15705 Santiago de Compostela, no prazo de 10 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio.

7.- Comisión de selección:

A selección será efectuada por unha comisión designada para o efecto composta por os seguintes membros: O Director-Xerente, o Subdirector Técnico e o Coordinador ou Coordinadora de Área.

8.- Proceso de selección.

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Comisión de Selección designada publicará nos taboleiros da Fundación CESGA e no web do CESGA, as listas previas de admitidos e excluídos no proceso de selección, de acordo cos requisitos mínimos e específicos que se relacionan nos puntos 1 e 2 destas Bases.

Trala publicación das listas previas concederase un prazo de 5 días naturais para a posible enmenda das solicitudes. Ao transcurso dese prazo publicaranse as listas definitivas de admitidos e excluídos.

O mecanismo de selección levarase a cabo de acordo ás avaliacións incluídas na "Táboa de Valoración" que se xunta a este documento e consistirán en:

- Avaliación de Requisitos Específicos.
- Proba teórico-práctica: segundo a comisión de selección o considere adecuado poderá consistir nun cuestionario tipo test, e/ou no desenvolvemento de un tema e/ou na resolución dun caso práctico.
- Entrevista.

As probas terán lugar un mes despois da publicación do anuncio no Diario Oficial de Galicia, conforme ao artigo 4 da Lei 10/1996. A data, hora e lugar da proba

publicarase no taboleiro de anuncios do edificio CESGA, e comunicarse telefónicamente ou por correo electrónico aos convocados.

A data, hora e lugar da entrevista publicarase no taboleiro de anuncios do edificio CESGA, e comunicarse telefónicamente ou por correo electrónico aos convocados.

#### 9.- Nomeamentos.

Rematado o proceso selectivo publicarase a lista de aprobados no taboleiro de anuncios do Edificio CESGA.

O aspirante seleccionado deberá presentar nas dependencias da Fundación CESGA, no prazo de 10 días, os seguintes documentos:

- a) Fotocopia compulsada do título esixido na base 2.A ou certificación académica que acredite ter realizado todos os estudos para a obtención do título ou, se é o caso, documento que acredite fidedignamente a posesión do correspondente título académico.
- b) Certificado de vida laboral, de desenvolvemento de proxectos, realización de cursos, e outra documentación ou certificados relativos a calquera aspecto do curriculum.
- c) Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado do servizo de ningunha Administración pública en virtude de expediente disciplinario nin encontrarse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- d) Deberá presentarse certificado médico oficial .

Os aspirantes que superasen o proceso selectivo serán nomeados para a praza ou prazas que se convoquen na categoría que corresponda mediante resolución do Director da Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia.

Os aspirantes nomeados disporán dun prazo de dez días para tomaren posesión no seu destino.

#### 10.- Recursos.

Contra o acordo de resolución do proceso, os aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación diante da comisión no prazo de cinco días naturais contados a partir do seguinte ao da súa exposición.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2007

Javier García Tobío  
Director Xerente  
Fundación CESGA

**ANEXO I**  
**MODELO DE SOLICITUDE**

<b>1.- SOLICITANTE</b>		
Apellidos:	Nome:	
DNI:		
Enderezo particular (rúa, etc. ):	Nº	
Localidade:	Provincia:	CP:
Tfno.:		

<b>2.- DATOS ANUNCIO</b>	
Referencia anuncio:	
Data publicación anuncio:	

<b>3.- DOCUMENTACIÓN</b>	
Currículum Vitae:	<input type="checkbox"/>
Copia DNI:	<input type="checkbox"/>
Copia Titulación:	<input type="checkbox"/>
Outra documentación:	

Solicita a participación no proceso de selección convocado pola Fundación e referenciado no punto 2 desta solicitude.

Santiago de Compostela, ..... de ..... de 2007

Asdo.: .....

DIRECTOR XERENTE  
FUNDACIÓN CESGA  
Avda. de Vigo, s/n (Campus Sur)  
15705 Santiago de Compostela (A Coruña)

## ANEXO II

### TÁBOA DE VALORACIÓN Ref: TEC-GIS

Os currículum vitae recibidos no prazo publicado na convocatoria valoraranse de acordo cos criterios que a continuación se detallan.

Requisitos mínimos específicos para o posto:

- Licenciado ou Enxeñeiro Superior.
- Experiencia mínima 3 anos demostrable no desenvolvemento de proxectos nos contornos informáticos e XIS que se especifican no punto 2 das bases.
- Idiomas:
  - Dominio de galego e castelán.
  - Inglés: lido, escrito e falado a nivel técnico.
- Disponibilidade para viaxes estatais e ao estranxeiro.

VALORACIÓN		TOTAL PUNTOS
<b>Valoracións do Curriculum</b>		<b>35 puntos</b>
Participación en proxectos XIS nos seguintes ámbitos: <ul style="list-style-type: none"><li>• prevención de riscos</li><li>• patrimonio cultural</li><li>• transporte</li><li>• medioambiente</li><li>• socioeconómico</li><li>• pesca</li><li>• teledetección e tratamento imaxes aéreas</li></ul>	1 punto por cada proxecto máximo 2 puntos por tipo. Máximo total: 14 puntos	14
Participación en docencia en XIS:	1 Punto por curso Máximo 6 puntos	6
Asistencia a cursos específicos XIS (mínimos 12 horas curso)	Curso duración maior a 25 horas: 1 punto/curso. Curso duración maior a 100 horas: 2 puntos/curso Curso duración maior a 200 horas: 3 puntos/curso. Máximo 10 puntos.	10
Publicacións científicas	1 Punto por publicación Máximo 5 puntos	5

<b>Valoración das Probas</b> Puntuación mínima para superar a proba: 45 puntos.	<b>90 puntos</b>
Proba escrita teórico práctica sobre os contidos que aparecen numerados no punto 4 das bases.	
<b>Valoración da Entrevista</b>	<b>12 puntos</b>
Sobre os coñecementos requiridos e valorados. Dotes comunicativas Capacidade de traballo en equipo	

**TOTAL 137 PUNTOS**

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2007

Javier García Tobío  
Director Xerente  
Fundación CESGA